


2

Todos ao traballo!



- Onde están os nenos? Que fan alí?
- Explica que tarefas realizan as persoas que traballan nesta fábrica.
- **EXPRESIÓN ORAL.** Observa a lámina e explica o proceso de fabricación do zume. Podes utilizar estas palabras: *primeiro*, *despois*, *máis tarde*, *finalmente*...

➔ SABER FACER

D.O. TAREFA FINAL


Vas decidir, de forma responsable, que produto comprar.

Materias primas e produtos elaborados

1 Observa e completa.



materia prima



fábrica




produto elaborado

Nas fábricas, a
transformase en

2 Rodea.

 materia prima

 produto elaborado



► Con que materia prima se elaboraron estes produtos? Escribe.

lata de atún ►

bufanda ►

pulseira ►

zume ►

Os produtos elaborados fábrícanse con materias primas como a madeira, a la, o metal...

Os traballos na natureza

Algunhas persoas traballan no campo e no mar para obter alimentos e materias primas.



Os **agricultores** cultivan plantas. Delas obteñen froitas, verduras e outros produtos, como o algodón.



Os **gandeiros** crían vacas, galiñas e outros animais para obter carne, leite, ovos, coiro...



Os **mineiros** extraen rochas e minerais da terra. Os **madeireiros** cortan árbores para obter madeira.




Nas zonas costeiras, os **mariñeiros** saen ao mar nos seus barcos para capturar peixes e mariscos.

Todos os traballos que se realizan na natureza denomínanse **traballos do sector primario**.

1 **TRABALLA COA IMAXE.** Que tarefas están realizando as persoas que están nas fotografías?

2 Ordena as tarefas que realiza o agricultor para cultivar fabas.



3 Que produtos obtén a gandeira de cada animal? Completa.



Das ovellas obtén

Das galiñas obtén

Dos porcos obtén



4 Que produtos captura o mariñeiro no mar? Rodea.



5 Investiga o que é unha canteira, pescuda que materiais se obteñen dela e para que se utilizan.

Os agricultores, os gandeiros, os mariñeiros, os mineiros e os madeiros traballan na natureza para obteren alimentos e materias primas.

Os traballos en fábricas e obradoiros

As persoas que traballan en **fábricas** e **obradoiros** transforman as materias primas en produtos elaborados.

O traballo nas fábricas

Nas fábricas elabóranse produtos que usamos a diario: mobles, xoguetes, electrodomésticos...

Para fabricalos utilízanse ordenadores e grandes máquinas, que manexan os **obreiros** e os **operarios**.

Na fabricación dun produto interveñen moitos traballadores. Cada un deles realiza unha tarefa: colocar parafusos, pintar as pezas, montalas...



Fábrica de coches, Vigo.



Obradoiro de olaría.

O traballo nos obradoiros

Os **artesáns**, como o oleiro e o ourive, traballan nos obradoiros.

Os artesáns utilizan as mans e ferramentas simples para elaborar os seus produtos: vasillas de cerámica, cestos de vimbio, bolsos de coiro, xoias, obxectos de metal...

No seu obradoiro, o artesán realiza todas as tarefas necesarias para a fabricación completa do produto.

Os traballos que se realizan en fábricas e obradoiros denomínanse **traballos do sector secundario**.

-  **1** Investiga que materias primas utilizan os ourives e que produtos elaboran con elas.

2 Onde traballan estas persoas? Completa.

Os obreiros

Os artesáns

3 Que teñen en común un obreiro e un artesán? Marca.


- Realizan todas as tarefas necesarias para fabricar un produto.
- Transforman materias primas en produtos elaborados.
- Utilizan ordenadores e grandes máquinas para realizar o traballo.

4 Une.

Materias primas



Artesáns



Produtos elaborados



Os obreiros nas fábricas e os artesáns nos seus obradoiros transforman as materias primas en produtos elaborados.

Traballos que prestan servizos

Hai persoas que teñen un traballo que consiste en dar un **servizo** aos demais. Por exemplo, os mestres ensínanlles aos alumnos, os médicos curan os enfermos e os varredores limpan as rúas.

Os traballos en que se presta un servizo denomínanse **traballos do sector terciario**.

O comercio

O comercio é un servizo que consiste en facer chegar os produtos elaborados e os que se obteñen da natureza ás persoas que os necesitan.

Nos comercios compramos estes produtos con **diñeiro**. As persoas que compran son os **clientes**. Os traballadores que atenden os clientes son os **vendedores** ou **dependentes**.



As **tendas** son comercios pequenos onde se vende un só tipo de produto.



Os **hipermercados** son grandes comercios onde se venden produtos variados.



Os **centros comerciais** son edificios en que hai numerosas tendas.

- 1 EN GRUPO.** Con varios compañeiros, fai unha lista, o máis longa posible, de profesións que traballen para prestar un servizo aos demais.

- 2 Ordena a secuencia e explica o camiño que seguiu o produto ata chegar ao comprador.



carpinteira



leñador



vendedora



transportista

- 3 Escribe onde corresponda.



- 4 Escribe tres produtos que poidas comprar nunha tenda de xoguetes.

- 5 Que tipo de comercios hai no teu barrio? Que se vende neles?

O traballo de moitas persoas, como os taxistas e os vendedores, consiste en prestar un servizo aos demais.

O lixo, unha materia prima

Cada día xeramos grandes cantidades de lixo: restos de comida, envases de plástico, botellas de vidro, latas...

Moitos destes residuos poden reciclarse; é dicir, pódense usar para fabricar outros produtos. Así, cos envases fanse novos recipientes e cos xornais fábrícase papel reciclado.

Pódense aproveitar incluso os desperdicios de alimentos e outros produtos naturais para fabricar combustible ou utilízalos como fertilizante.

Para que todo isto sexa posible cómpre clasificar o lixo da casa e depositalo nos colectores adecuados.



1 Por que dicimos que o lixo é unha materia prima? Marca.

- Porque tiramos ao lixo residuos procedentes da natureza.
- Porque podemos usar o lixo para elaborar outros produtos.

2 Para que serve o cartel que acompaña o texto? Explica.

3 EDUCACIÓN EN VALORES. Reciclo o lixo.

- ▶ Cres que é importante reciclar o lixo? Por que?
- ▶ Colaboras na reciclaxe do lixo da túa casa? Como?

Penso antes de comprar

1 Le e contesta.

Co diñeiro que ten aforrado, Paula quere mercar algo, pero non sabe por que decidirse.




- Se ti foses Paula, que comprarías? Por que?

2 Cres que debemos comprar sempre todo o que queremos? Por que? Explica.

ACTIVIDADES DE REPASO



1 ESQUEMA. Lembra o que aprendiches e completa.



2 Observa e explica como se fabrica a marmelada de amorodo.

Debes utilizar estas palabras:

- produto elaborado
- máquinas
- obreiros
- materia prima



Four horizontal blue lines for writing the explanation.

- 3 En que se diferencia o traballo nunha fábrica do traballo no obradoiro dun artesán? Explica.

- 4 Que produtos se poden elaborar con estas materias primas? Escribe.

Madeira

Coiro


- 5 Pensa e escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- En todos os comercios véndese o mesmo tipo de produto.
- As persoas que traballan nas tendas son os clientes.
- Unha tenda é un comercio pequeno.
- Nun centro comercial hai numerosas tendas.
- Nos comercios pódese pagar con tarxeta de crédito.

DEMOSTRA O TEU TALENTO

- 6 Elixe e realiza a actividade que prefiras.

A. Que queres ser de maior?

 Escribe unha redacción en que expliques en que consiste ese traballo.

B. Faille unha entrevista a algún membro da túa familia sobre a súa profesión e grávaa.